



Florence Dato

BIRAVXS

Filomena Dato (1856-1926)

Escritora galega que promoveu os movementos de reivindicación da cultura galega e da liberación da estigmatización da muller. Foi colaboradora habitual nos xornais da súa época como *El Heraldo Gallego*, *A Monteira*, *Patria Gallega*; os cataláns *La Ilustración Ibérica* e *Barcelona Cómica*; ou os habaneiros *Eco de Galicia*, *Follas Novas* e *Galicia*. Ademais, pronunciou conferencias de comprometido ton antimisóxino en seráns literarios, xogos florais, homenaxes e outras intervencións públicas. A biografía de Filomena Dato esta aínda por descubrir. Sábese que mantivo desde nova unha estreita amizade coa escritora Sofía Casanova, que se reflectiu nos poemas que se dedicaron mutuamente. Tamén con Emilia Pardo Bazán, Fanny Garrido e outras intelectuais coetáneas compartiu faladoiros e inquedanzas feministas. Poeta profusamente premiada, obtivo premios co seu escrito *En defensa das mulleres*, e converteuse nunha das voces máis sobranceiras do feminismo galeguista de entre séculos. De feito é a segunda escritora, logo de Rosalía, que publica un libro en galego no século XIX. En 1906, ano da fundación da RAG, foi nomeada académica correspondente xunto con outras literatas contemporáneas como Carmen Beceiro, Emilia Calé, Sofía Casanova, Sarah Lorenzana, Clara Corral Aller etc.

Ilustración: Marta Riera / marta@martariera.com

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo